



ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 19 DE XANEIRO DE 2018.-

<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D^a ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. MANUEL BELLO BOUZA. D^a CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA. <u>SR. SECRETARIO-ACCTAL :</u> D. JOSE ANGEL CARBALLO FEIJOO.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e vinte minutos do día dezanove de xaneiro de dous mil dezaoto, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario-Acctal., o que o é desta Corporación D. José Angel Carballo Feijoo.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

PUNTO UNICO.- RESOLUCIÓN ALEGACIÓN OS ORZAMENTOS DE 2018 PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR E APROBACIÓN DEFINITIVA DOS MESMOS SE PROCEDE.-

Dase conta do escrito de alegacións presentado polo Voceira do Grupo Municipal Popular o día 4 de xaneiro de 2018, con número de entrada 40 neste Rexistro Xeral, que seguidamente se transcribe:

“JOSEFINA MARTÍNEZ MARTÍNEZ, con D.N.I. núm. 32.651.654-A, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular en el Concello de Ares, con domicilio a efectos de notificacións en la oficina que el propio grupo municipal tiene en el citado Concello.

Como mejor proceda en derecho comparece y dice:

Que habiéndose publicado el jueves 21 de diciembre de 2017, en el Boletín de la Provincia de A Coruña (BOP 241) la aprobación provisional de los presupuestos municipales del Concello de Ares para el año 2018, y dentro del plazo de quince días legalmente concedido, conforme al art. 169 del texto refundido de la Ley Reguladora das Facendas Locais aprobado



por el RDL 2/2004, de 5 de marzo, y el art. 20 del R.D. 500/1990, del 20 de abril pasa a formular las siguientes

ALEGACIONES.

PRIMERA.- En base a lo establecido en el art. 170.2 de la Ley de Facendas Locais que en su apartado

b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.

SEGUNDA.- En la CCII de Planes y Personal que se celebró el lunes día 18 de diciembre del 2017, a las 11 horas, figura como orden del día “la contratación temporal de **seis auxiliares de policía local**”.

Dentro de las bases específicas para la contratación, en régimen laboral temporal de **seis auxiliares de policía local**, figura en el punto.

1.2 La modalidad contractual será la de un contrato temporal por acumulación de tareas, prevista en el R.D. 2720/1998, de 18 de diciembre (art. 3) y su duración **será de seis meses**, respectando lo previsto en las disposiciones legales antes indicadas.

1.3. Las retribuciones mensuales serán de mil cuatrocientos cuarente y tres euros con cincuenta y ocho céntimos (**1443,58 euros**) por todos los conceptos, al que previsiblemente y a reservas de la aprobación de los **Presupuestos Generales del Estado 2018**, habrá que aplicarle el incremento retributivo previsto en el **1,5%**.

TERCERA. En la hoja del Cuadro de Personal, adjunta al Presupuesto, figuran relacionados como:

- A) Funcionarios de Carrera; **un** Oficial Jefe Policía Local y **dos** Policías Locales.
- B) Personal Laboral Temporal; **cuatro** Auxiliares de Policía Local.

CUARTO.- Existe una clara incongruencia entre el Cuadro de Personal, anteriormente citado, y lo tratado en la CCII de Planes y Personal celebrado, como anteriormente se dice, en fechas previas a la aprobación del Presupuesto.

QUINTO.- En el Presupuesto cuya aprobación inicial se efectuó el 19 de Diciembre de 2017, y publicado en el BOP el día 21, en la Aplicación Presupuestaria 132.13100 concepto “Personal laboral temporal” figura una previsión de crédito de 44.000 euros (cuarenta y cuatro mil euros) que es insuficiente.

Por todo lo anteriormente expuesto, Sr. Alcalde-Presidente



SOLICITO que teniendo por presentado este escrito de alegaciones al documento provisional del presupuesto municipal del año 2018 del Concello de Ares, dentro del plazo de 15 días legalmente habilitado para su efecto, y previa a la convocatoria de la correspondiente Comisión Informativa de Hacienda y Cuentas y posteriormente en el pleno de la Corporación, se acuerde la aprobación de las referidas alegaciones.”

Acto seguinte dase conta do informe de Secretería-Intervención que se transcribe a continuación.

“INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Reclamacións ao orzamento 2018 polo grupo municipal do P.P.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Aprobado con carácter inicial o orzamento e cadro de persoal para o exercicio 2018 na sesión plenaria do día 19 de decembro de 2017, foi sometido a información pública mediante anuncio no BOP núm. 241, de 21 decembro de 2017 polo prazo de quince días en cumprimento do artigo 169 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo.

Segundo.- Publicado o acordo de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos do artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais durante o prazo de quince días a efectos de presentarse polos interesados reclamacións, o 4-01-2018, son presentadas alegacións polo grupo municipal do Partido Popular nos termos que nas mesmas figuran.

Terceiro.- A reclamación do Grupo Municipal do P.P. está presentada en tempo e forma, tendo nos termos do artigo 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a condición de interesados.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



Primeira.- De acordo co establecido no art. 169.1 RDLex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, -en diante TRLRHL-, o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral, exporáse ao público, por prazo de 15 días desde o anuncio no boletín oficial da Provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma Uniprovincial, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

Doutra banda, os artigos 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 e 22.2 do Real Decreto 500/1990, establecen que: «Únicamente poderán establecerse reclamacións contra o Orzamento:

dúas prazas en comisión de servizos que figuran dotadas íntegramente para un prazo de seis meses, prazo máximo de contratación de auxiliares de Policía Local.

No seu caso de non ser viable a vinculación xurídica, plantearíase a necesidade de trámites para modificar o orzamento de Gastos por Transferencias de Crédito entre as mesmas áreas de gasto ou entre distintas áreas de gasto cando os créditos afectados sexan de persoal.

Fórmula prevista no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos :

Artículo 40

1. Transierencia de crédito es aquella modificación del Presupuesto de gastos mediante la que, sin alterar la cuantía total del mismo, se imputa el importe total o parcial de un crédito a otras partidas presupuestarias con diferente vinculación jurídica.
2. Las Bases de Ejecución del Presupuesto deberán establecer el régimen de las transferencias de crédito y el órgano competente para autorizarlas en cada caso. (Artículo 160. 1, LRHL).
3. En todo caso la aprobación de las transferencias de crédito entre distintos grupos de función será competencia del Pleno de la Corporación, salvo cuando afecten a créditos de personal.

Na súa virtude, senda unha causa sobrevida a aprobación inicial do orzamento, xurídicamente non hai impedimento para dita previsión de seis contratacións por seis meses de auxiliares de Policía Local coas consideracións anteriormente expostas.



Talé o meu informe que someto a outro mellar fundado en Dereito”

Aprobado con carácter inicial o orzamento municipal correspondente ó exercicio de 2018, na sesión plenaria do día 19 de decembro de 2017. Sometido a información pública mediante edicto publicado no BOP núm. 241 de data 21 de decembro de 2017, foron presentadas alegacións polo Grupo Municipal do Partido Popular, en escrito de data 4 de xaneiro de 2018.

Informadas as alegacións por informe da Secretaria con data 16 de xaneiro de 2018, foron dictaminadas pola Comisión Informativa de Facenda o día 16 de xaneiro de 2018.

Sometidas a votación as alegacións do Grupo Municipal do Partido Popular, o Pleno do Concello en votación ordinaria por maioría de 7 votos a favor dos grupos municipais do PSdeG-PSOE (5), NAL (1) e SON DE ARES (1), e 3 votos en contra (3 do Grupo do Partido Popular e 3 abstencións do Grupo Municipal do BNG) acorda:

Primeiro.- Admitir as alegacións por estar presentadas en tempo e forma

Segundo.- Desestimar as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular.

Acto seguinte sometese a votación a aprobación definitiva do orzamento municipal correspondente o exercicio de 2018 e o Pleno do Concello 7 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE 1 de NAL e 1 de SON de Ares) e 6 abstencións (3 do BNG e 3 do PP), acorda:

- 1.- Aprobar con carácter definitivo o orzamento correspondente ó exercicio de 2018.
- 2.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do día ó comenzo sinaldo, polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario-Acctal. dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO-ACCTAL,